

## TEMPO DE PERMANENCIA NO VIVEIRO

O prazo máximo de permanencia é dun ano prorrogable ata un máximo de tres, atendendo as necesidades de estancia de cada unha das empresas.

## MÁIS INFORMACIÓN

### Viveiro de empresas de Barro

Polígono industrial de Barro, parcelas A4.5  
Lugar de Outeda-Curro, 36692 Barro, Pontevedra  
Teléfono: 886 217 310  
Correo-e: [viveiro.barro@depo.gal](mailto:viveiro.barro@depo.gal)

### Viveiro de empresas de Lalín

Polígono industrial Lalín 2000, parcela E  
36500 Lalín, Pontevedra  
Teléfono: 886 217 360  
Correo-e: [viveiro.lalin@depo.gal](mailto:viveiro.lalin@depo.gal)

### Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra

Teléfono: 986 804 100 (extensións 40265, 40267 e 41277)  
Correo-e: [cooperacion@depo.gal](mailto:cooperacion@depo.gal)

### Na web

<https://www.depo.gal/viveiros-de-empresas>

# Viveiros de empresa

Lalín e Barro



## QUE SON OS VIVEIROS DE EMPRESA?

Son unha estrutura de acollida temporal de empresas dirixida a encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, prestar servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial e favorecer a colaboración entre elas.

A súa finalidade é **facilitar o desenvolvemento de iniciativas económicas** de interese para a provincia nunha contorna económica e empresarial complexa que demanda proxectos empresariais creativos, innovadores e sólidos.

## A QUEN VAI DIRIXIDO?

• Autónomas, autónomos, empresas de nova ou recente creación (menos de 2 anos) e persoas emprendedoras que necesiten un espazo para analizar e preparar o seu proxecto de negocio.

### Viveiro de empresas de Barro

- 16 naves industriais cunha superficie variable de entre 54,75 e 111,10 m<sup>2</sup>
- 24 oficinas (16 de 18 m<sup>2</sup> e 8 de 25 m<sup>2</sup>)
- Sala de espera
- 3 espazos polivalentes para xuntanzas (37 m<sup>2</sup> cada un)
- Espazos de *coworking* (12 postos)
- Fab Lab
- Centro de Servizos e Apoio Empresarial



## INSTALACIÓNS

### Viveiro de empresas de Lalín

- 3 naves industriais cunha superficie variable de entre 131,20 e 142,70 m<sup>2</sup>
- 5 oficinas (4 de 16,10 m<sup>2</sup> e 1 de 18,10 m<sup>2</sup>)
- 1 espazo polivalente para xuntanzas (21,20 m<sup>2</sup>)
- Espazo de *coworking* (16 postos)



## SERVIZOS

- Locais privados equipados con mobiliario e dotados de infraestruturas de electricidade, climatización, auga e comunicación
- Recepción e control de accesos de 8 a 22 horas, administración, limpeza e mantemento, aparcadoiro e impresora/fotocopiadora
- Asesoramento e formación: creación e xestión de empresas; internacionalización; xestión da calidade; medio ambiente e prevención de riscos laborais; proxectos e subvencións relacionados coa Unión Europea; e asesoría xurídica, fiscal e laboral
- Asesoramento sobre TIC e mellora da competitividade empresarial a través da Rede SmartPeme
- Programa de actividades: dinamización empresarial e fomento da cultura emprendedora
- Cesión de espazos a asociacións empresariais para actividades propias de carácter puntual

